

## IDEAS COOPERATIVAS EN ACCIÓN

[ Curso en modalidade teleformación ]

DATAS DE REALIZACIÓN	Do 14 de Setembro ao 2 de Outubro de 2020	DURACIÓN	20 horas
HORARIO	1 sesión virtual de aprendizaxe. Informarse do horario de atención ao alumnado pola titora.		
LUGAR CELEBRACIÓN	Plataforma de teleformación da Unión de Cooperativas EspazoCoop		
PERSOA DE CONTACTO	Patane García Méndez	teléfono	881 887 456
		e-mail	patane@espazo.coop

**INSCRICIÓN** [\[preme aquí\]](#)

### OBXECTIVOS

- > Mostrar desde o punto de vista práctico as condicións e pasos a dar para emprender baixo a fórmula cooperativa.
- > Coñecer que debemos analizar e ter en conta para facer da nosa idea un proxecto cooperativo viable.
- > Elaborar conxuntamente o prototipo do noso proxecto.
- > Avaliar requisitos e compromisos como grupo promotor, tarefas a desenvolver, calendario de actuacións..

### PROGRAMA

Módulo 1.- Identifica o teu proxecto cooperativo.

Módulo 2.- Analiza as áreas comercial e de mercado.

Módulo 3.- Estuda a viabilidade económica e financeira.

Módulo 4.- Planifica a área organizativa e os trámites de constitución.

### CONTIDOS

Sesión virtual.- Presentación do curso, coñecer o funcionamento da plataforma e dos materiais. Propiciar a toma de contacto entre as participantes. Recepción das participantes, presentación do curso por parte da docente e dinámica de presentación.

Orientación sobre o avance nos materiais e proposta de traballo para a boa realización do curso, proposta de xestión dos tempos de dedicación, estudo e rrealización de tarefas. Presentación da ferramenta Consolida\_ES.

### METODOLOXÍA

A metodoxía é activa e participativa. Buscamos captar o interese e a atención das persoas participantes para que se vinculen na actividade e haxa unha aprendizaxe significativa. Propoñemos actividades para o traballo en grupo pequeno coñecer experiencias e boas prácticas, utilizar medios audiovisuais para enriquecer as exposicións .A nosa proposta é que as participantes sexan protagonistas no proceso formativo mediante a reflexión, a participación e a experimentación.

### DIRIXIDO A

Persoas emprendedoras interesadas no autoemprego cooperativo; persoas cunha idea de negocio que queren avaliar a opción cooperativa e axentes intermedios que asesoran proxectos cooperativos. Composición do grupo: mínimo 10 persoas e máximo 15.



Esta actividade enmárcase na Programación da Rede Eusumo 2020. A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social.